



PROXECTO DE SENDA LITORAL DA DESEMBOCADURA DO RÍO ULLA ENTRE CARRIL E BAMIO, T.M. DE VILAGARCÍA DE AROUSA (PONTEVEDRA). Ref.36-0294

Ana Isabel Lorenzo Fraga, como concelleira do Bloque Nacionalista Galego e no seu nome, perante o "Proxecto de Senda Litoral da Desembocadura do Río Ulla entre Carril e Bamio, T.M. de Vilagarcía de Arousa (Pontevedra), Ref. 36-0294, e para a súa pertinente toma en consideración presenta as seguintes

A L E G A C I Ó N S

PRIMEIRA.- O proxecto de senda litoral, obxecto das alegacións que imos formular, é responsabilidade política da Dirección Xeral de Costas do Ministerio de Medio Ambiente. Independentemente da consideración que nos merece o devandito proxecto pois entendemos que se trata dunha boa actuación para a posta en valor dun espazo cun enorme valor paisaxístico, ambiental, etc., dende O Grupo Municipal do BNG de Vilagarcía, e recollendo o testigo das reivindicacións presentadas polos veciñ@s pertencentes ás parroquias afectadas, entendemos necesario poñer de manifesto unha serie de matizacións que sen dúbida contribuirán a mellorar o meritado proxecto.

Este ten o seu inicio nun pequeno paseo marítimo construído cando a rexeneración da coñecida como praia do Campanario en Bamio, porén consideramos que sería moi bo para toda a parroquia escomenzar o trazado uns metros máis atrás, concretamente no lugar chamado Agro de Man, ampliación que non responde a un simple capricho, senón á necesidade de dotar á parroquia de Bamio dun servizo do que actualmente carece a pesar de discorrir paralelamente ao mar e trátase da reconstrución dun peirao que existiu nesa zona para a botadura e amarre das embarcacións e que na actualidade teñen que levarse para o embarcadiro de Catoira ou para o peirao de Carril, Vilaxóan, etc.

SEGUNDA.- Habilitar un camiño de terra paralelo ao trazado da senda litoral para facilitar o acceso ás propiedades colindantes. Este se faría dentro do límite dos seis metros afectados pola Dirección Xeral de Costas. O camiño

posibilitaría que os propietarios das fincas volvan a traballalas xa que na actualidade non dispoñen de acceso, e a meirande parte das mesmas foron abandonadas por este motivo, atopándose cheas de maleza e totalmente descoidadas. Esta imaxe negativa de abandono indudablemente melloraría si se facilita o acceso de pequena maquinaria ás parcelas.

TERCEIRA.- A descripción que se fai do trazado refírese á construción dunha senda peatonal e tamén para bicicletas, entanto non fai referencia algunha á creación dun carril específico para a súa circulación ou sinalización horizontal ou vertical algunha que regule o tránsito destes vehículos e nese aspecto contamos xa con algún precedente no que conflúen peóns e bicicletas e con respecto ao cal a realidade cotiá amosa que non é a situación máis ideal nin para uns nin para outros, polo que consideramos preciso que se faga a reserva específica dun carril ou se faga algún tipo de sinalización ao efecto.

CUARTA.- Instalar bancos non só nas áreas de esparcemento senón ao longo de toda a senda cada 100 ou 200m, o que contribuirá a facer unha andaina moito máis agradable para aquelas persoas que necesitan dun pequeno descanso cada poucos metros.

QUINTA.- Ademais da praia do Campanario, atopámonos ao longo do percorrido da senda con outra praia coñecida como praia de Pedra de Pico que ata hai poucos anos era moi frecuentada polos veciñ@s do lugar, e decimos ata hai poucos anos xa que coa rexeneración da praia do Campanario esta outra praia quedou totalmente esquecida e abandonada e que sería moi positivo recuperar toda vez que axudaría a desmasificar a praia do Campanario e os veciños do entorno (Salgueiral, Vilar, Carril, os usuarios do Centro de Formación Ocupacional do ISM, etc.) contarían cunha praia máis preto sen necesidade de ter que recurrir ao coche para desprazarse a outros lugares.

Asemade, destacar que a carón desta praia antigamente había unha canteira, terreo que na actualidade pertence á Comunidade de Montes de Bamio e nese espazo natural existe unha fonte de auga potable á que acudían a beber e a lavarse os usuarios da praia. Hoxe en día o acceso á mesma é impracticable atopándose todo cheo de maleza, silvas, etc. Sería importante, pois, que aproveitando a construción deste proxecto se recuperaran os recursos naturais cos que xa conta o trazado.

SEXTA.- En canto ao material utilizado para o pavimento, entendemos que en armonía co entorno e dende o punto de vista medioambiental e paisaxístico sería máis apropiado a utilización de madeira en todo o trazado e non só nos tramos que discurren sobre pasarela.

SETIMA.- Existe unha asinatura pendente por parte do Concello de Vilagarcía no que se refire ao tratamento da praia do Campanario si a comparamos co resto de praias da localidade, praia tan ou máis concurrida que o resto dos areais municipais e que ademáis conta a carón da mesma cun camping sumamente coñecido. A Asociación de Veciños de Bamio leva presentado numerosos escritos ante o Concello solicitando melloras tanto para o areal como no que respecta á dotación dos servizos necesarios, poñendo en coñecimento desta Dirección que en resposta a un deses múltiples escritos o Concello nun escrito con número de saída 8536 do 10 de Agosto de 2006 se lle respostaba á A.A.V.V. de Bamio que as xestións do Concello ante a Dirección Xeral de Costas (organismo que naquelas datas estaba a redactar o proxecto da senda litoral), farían que no citado proxecto se incluíría aportacións de area para a devandita praia. Pois ben, esperamos que na execución do mesmo se fagan realidade este tipo de compromisos.

OITAVA.-Acondicionar os accesos actuais perpendiculares a senda e que neste intre son os que permiten o acceso dos veciñ@s de Bamio ao mar. Un acceso que sempre resultou difícil pois a vía do tren fixo de barreira que se opuxo a que os veciños se achegasen ao mar. Isto propiciou que historicamente os veciñ@s de Bamio vivan de costas ao mar. A senda viría a facilitar o encontro da xente co litoral, e mudaría a relación que os veciñ@s teñen co medio marino.

Neste senso sería importante reflexar no proxecto o trazado de varios accesos de baixada ao mar.

NOVENA.- Por último, destacar que hai un erro cando se fai referencia á estrutura territorial indicando que a zona de estudo forma parte do municipio de Vilagarcía (43,49 Km) e está integrada dentro da parroquia de Carril (3,5 Km) facendo unha ampla descripción desta, cando é á inversa, a meirande parte do trazado discurre pola parroquia de Bamio.

Por todo isto,

O BLOQUE NACIONALISTA GALEGO SOLICITA, que se teñan por presentadas, en tempo e forma, ás presentes alegacións á respecto do "Proxecto de Senda Litoral da Desembocadura do Río Ulla entre Carril e Bamio, T.M. de Vilagarcía de Arousa (Pontevedra), Ref. 36-0294, en período de exposición; e, como consecuencia, se avalíe con rigor técnico e medioambiental o que se propón como mellora do citado proxecto e, en

consecuencia, se estimen as mesmas con anterioridade á aprobación definitiva do citado proxecto.

Vilagarcía, a 26 de febreiro de 2006.

SERVIZO PROVINCIAL DE COSTAS DE PONTEVEDRA
DIRECCIÓN XERAL DE COSTAS
MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE